

MISA CON NENOS . 5 de febreiro 2017

ORDINARIO 5º-A

Mateu 5, 1- 16: *“Vós sodes a luz do mundo”*.

Mensaxe: Sae a ser SAL. Sae a ser LUZ.



POSIBLE ORACIÓN PARA DESPOIS DA COMUÑÓN

SAL E LUZ, EU SEREI, XESÚS:
coa túa Palabra e o teu amor,
coa túa vida e a túa verdade,
coa túa presenza e a túa ledicia.

SAL E LUZ, EU SEREI, XESÚS:
dando amor aos demais,
perdoando as ofensas,
levando ledicia ante a tristeza,

SAL e LUZ, EU SEREI, XESÚS:
escoitando e animando,
empuxando e levantando,
crendo e esperando.



MISA CON NENOS . 5 de febreiro 2017

ORDINARIO 5º-A

Mateu 5, 1- 16: "Vós sodes a luz do mundo".

Mensaxe: Sae a ser SAL. Sae a ser LUZ.



PETICIÓN:

Oremos a Deus Pai dicindo. R.- Énchenos coa túa luz.

- 1.- Pola Igrexa, para que sendo acolledora, misericordiosa, alegre, sexa sal no medio do mundo. Oremos.
- 2.- Polos pais cristiáns para que vivan intensamente a súa fe e poidan ser luz para os seus fillos. Oremos.
- 3.- Por todos os que dedican esforzo e tempo ao servizo dos máis necesitados. Que o seu exemplo sexa sal e luz para todos. Oremos.
- 4.- Por todos nós, para que, aínda que sexamos luces pequenas, amosemos a todos o amor de Xesús. Oremos.
- 5.- Por todas as comunidades cristiás, especialmente pola nosa, para que dean bo sabor á vida das persoas. Oremos.

Só para Galicia ...

En Santiago:

- 6.- Polo sínodo diocesano que estamos a piques de rematar, para que nos animemos a levar á práctica as resolucións que saian del. Oremos.

En Ourense:

- 6.- Polo Sínodo diocesano que estamos a comezar, para que nos animemos a participar. Oremos.

Escoita, Pai, a nosa oración. Por XNS.

MISA CON NENOS . 5 de febreiro 2017

ORDINARIO 5º-A

Mateu 5, 1- 16: “Vós sodes a luz do mundo”.

Mensaxe: Sae a ser SAL. Sae a ser LUZ.



PERDÓN

Á luz de Xesús descubrimos as nosas sombras e pecados, pero a súa bondade e agarimo lévano a perdoarnos. Pidamos humildemente perdón.

- Ti es a “luz das nación”. Nós non deixamos que a luz da túa Palabra nos guíe cada día. *Señor, ten piedade.*
- Ti es a luz do mundo. Pero as nosas palabras e obras non son luz para os que nos ven. *Cristo, ten piedade.*
- Ti es o sal da terra. Pero a nós cústanos poñer o sabor do amor, alegría e paz. *Señor ten piedade*

OFRENDAS

(Prepáranse unha bolsiña de sal para cada neno, ou senón una cunca. Preparamos un recipiente no altar para deixar as bolsiñas de sal. E preparamos uns mistos grandes, mellor. Cando deixan as bolsas no recipiente dáselle un misto aceso para que o sosteñan mentres se le o texto).

- **SAL:** Ofrecemos este sal para dicirlle a Xesús que queremos, como fixo el, pasar polo mundo poñendo sabor á vida dos nosos compañeiros e veciños, é dicir, facendo o ben.

- **MISTOS:** Recibimos este misto para recordar que temos que ser luz do mundo, aínda que só brillamos como pequenos mistos. E que levemos a luz de Cristo, a fe, por todas partes.

- **PAN E VIÑO:** Hoxe co pan e o viño achegamos o sufrimento e os desexos dos que o pasan mal. Que nunca esquezamos o desexo do Señor: “parte o teu pan co famento e non te desentendas dos teus”.

MISA CON NENOS . 5 de febreiro 2017

ORDINARIO 5º-A

Mateu 5, 1- 16: "Vós sodes a luz do mundo".

Mensaxe: Sae a ser SAL. Sae a ser LUZ.



POSIBLES MONICIÓN

ACOLLIDA

Amigos e amigas:

Neste domingo 5º do tempo ordinario o Señor ofrécenos unha misión, unha tarefa a realizar: ser como **o sal** e como **a luz** no medio do mundo. Un cristián na súa familia, no seu traballo, no seu ambiente, ten que **dar "gusto e sabor"** á existencia humana e á vida dos demais. E ao mesmo tempo, co exemplo das nosas boas obras, ser como **"unha luz"** que anime a outros a seguir a Xesús xa a facer felices aos demais.

No nome do Pai... ***O Señor Xesús, que nos invita a ser luz no medio do mundo e a dar bo sabor á vida de todos, sexa con todos vós.***

(Sacerdote): No nome do Pai... ***Deus que, en Xesús, nos ensinou o camiño da felicidade, sexa convosco ...***

ANTES DA PALABRA DE DEUS

Xesús dinos aos cristiáns que a nosa misión é ser sal e luz no mundo poñendo sabor e amor no que facemos. O profeta Isaías concrétao nas seguintes palabras: "parte o teu pan co famento e non te desentendas dos teus". Pero non esquezamos, segundo san Paulo, que podemos contar coa forza de Deus, máis que coa nosa sabedoría humana.

MISA CON NENOS . 5 de febreiro 2017 **ORDINARIO 5º-A**

Mateu 5, 1- 16: "Vós sodes a luz do mundo".

Mensaxe: Sae a ser SAL. Sae a ser LUZ.



TEXTO COMPLETO: para ter en conta o sacerdote...

1. ACOLLIDA

Amigos e amigas:

Neste domingo 5º do tempo ordinario o Señor ofrécenos unha misión, unha tarefa a realizar: ser como **o sal** e como **a luz** no medio do mundo. Un cristián na súa familia, no seu traballo, no seu ambiente, ten que **dar "gusto e sabor"** á existencia humana e á vida dos demais. E ao mesmo tempo, co exemplo das nosas boas obras, ser como **"unha luz"** que anime a outros a seguir a Xesús xa a facer felices aos demais.

(Pódense colocar nun sitio visible o cartel "Sae a ser sal").

No nome do Pai... **O Señor Xesús, que nos invita a ser luz no medio do mundo e a dar bo sabor á vida de todos, sexa con todos vós.**

2. PERDÓN

Á luz de Xesús descubrimos as nosas sombras e pecados, pero a súa bondade e agarimo lévano a perdoarnos. Pidamos humildemente perdón.

- Ti es a "luz das nación". Nós non deixamos que a luz da túa Palabra nos guíe cada día. *Señor, ten piedade.*
- Ti es a luz do mundo. Pero as nosas palabras e obras non son luz para os que nos ven. *Cristo, ten piedade.*
- Ti es o sal da terra. Pero a nós cústanos poñer o sabor do amor, alegría e paz. *Señor ten piedade.*

3. PALABRA DE DEUS

Xesús dinos aos cristiáns que a nosa misión é ser sal e luz no mundo poñendo sabor e amor no que facemos. O profeta Isaías concrétao nas seguintes palabras: "parte o teu pan co famento e non te desentendas dos teus". Pero non esquezamos, segundo san Paulo, que podemos contar coa forza de Deus, máis que coa nosa sabedoría humana.

4. PETICIÓNS:

Oremos a Deus Pai dicindo. R.- Énchenos coa túa luz.

- 1.- **Pola Igrexa, para que sendo acollidora, misericordiosa, alegre, sexa sal no medio do mundo.** Oremos.
- 2.- **Polos pais cristiáns para que vivan intensamente a súa fe e poidan ser luz para os seus fillos.** Oremos.

- 3.- Por todos os que dedican esforzo e tempo ao servizo dos máis necesitados. Que o seu exemplo sexa sal e luz para todos. Oremos.
- 4.- Por todos nós, para que, aínda que sexamos luces pequenas, amosemos a todos o amor de Xesús. Oremos.
- 5.- Por todas as comunidades cristiás, especialmente pola nosa, para que dean bo sabor á vida das persoas. Oremos.

Só para Galicia ...

En Santiago:

- 6.- Polo sínodo diocesano que estamos a piques de rematar, para que nos animemos a levar á práctica as resolucións que saian del. Oremos.

En Ourense:

- 6.- Polo Sínodo diocesano que estamos a comezar, para que nos animemos a participar. Oremos.

Escoita, Pai, a nosa oración. Por XNS.

5. OFRENDAS

(Prepáranse unha bolsiña de sal para cada neno, ou senón una cunca. Preparamos un recipiente no altar para deixar as bolsiñas de sal. E preparamos uns mistos grandes, mellor. Cando deixan as bolsas no recipiente dásele un misto aceso para que o sosteñan mentres se le o texto).

- **SAL:** Ofrecemos este sal para dicirle a Xesús que queremos, como fixo el, pasar polo mundo poñendo sabor á vida dos nosos compañeiros e veciños, é dicir, facendo o ben.

- **MISTOS:** Recibimos este misto para recordar que temos que ser luz do mundo, aínda que só brillamos como pequenos mistos. E que levemos a luz de Cristo, a fe, por todas partes.

- **PAN E VIÑO:** Hoxe co pan e o viño achegamos o sufrimento e os desexos dos que o pasan mal. Que nunca esquezamos o desexo do Señor: “parte o teu pan co famento e non te desentendas dos teus”.

SAL E LUZ, EU SEREI, XESÚS:
coa túa Palabra e o teu amor,
coa túa vida e a túa verdade,
coa túa presenza e a túa ledicia.

SAL E LUZ, EU SEREI, XESÚS:
dando amor aos demais,
perdoando as ofensas,
levando ledicia ante a tristeza,

SAL e LUZ, EU SEREI, XESÚS:
escoitando e animando,
empuxando e levantando,
crendo e esperando.

